

*Discurso de Benvida ó novo Doutor pronunciado polo
Excmo. Sr. D. José Luis Meilán Gil, Rector Magnífico
da Universidade da Coruña*

En poucas ocasións como a de hoxe será tan fácil para os presentes comparti-la inquietudanza de intervir logo de facelo un orfebre da palabra, e aínda con máis razón se ese mestre da linguaxe é un poeta que, parafraseando a Platón, busca e atopa na beleza –escrita ou declamada neste caso– o esplendor da verdade.

O ritual dos actos de investidura dos Doutores "Honoris Causa", de longa tradición universitaria, deposita no Rector a misión de completa-las intervencións e ofrecerlle a benvida institucional ó novo membro do Claustro.

A *laudatio* do padriño académico de Seamus Heaney, doutor De Toro Santos, vén de trazar unha atinada panorámica da traxectoria vital e literaria dunha das grandes voces da literatura irlandesa deste século. Quedan así xustamente encadrados os méritos que levaron a esta nova e xa sólida Universidade a outorgarlle a súa máis alta distinción, como símbolo da irmandade das culturas irlandesa e galega, tan próximas no territorio mental e mítico como mutuamente descoñecidas no seu acontecer diario.

Facelo hoxe -28 de xuño- na data escollida polo novo Doutor "Honoris Causa", aporta tamén, pola vía do que escapa á razón programadora, unha singular fondura ó simbolismo dunha comunión cultural, metahistórica, á que esta Universidade quere gardar fidelidade.

Cando hai cinco anos se lle concedeu ó xa noso doutor o Premio Nobel, a Academia Sueca expresouse con claridade e sinxeleza para xustifica-la súa decisión. "Polos seus traballos de beleza lírica e fondura ética nos que exalta os milagres diarios e o pasado vivo", certificou aquela ilustre institución.

Por cuarta vez na súa historia o Nobel detía os seus ollos na literatura irlandesa. Foran antes Yeats, Shaw e o mesmo Samuel Beckett. Preto da fin do século e do milenio, o recoñecemento chegáballe desde todo o mundo a un home de Letras, poeta sobre todo, nacido no Condado de Derry, no mesmo corazón do Ulster. Daquela, cando menos por unha vez, a forza da Poesía desterraba dos titulares dos periódicos, dos boletíns das radios e dos telediarios a asociación habitual do nome da Irlanda do Norte co conflito e coa traxedia.

Hoxe, nun momento no que desde Galicia tamén seguimos os novos tempos de esperanza abertos naquela terra, xusto agora cando semella que por fin se lle deu unha oportunidade á paz, a Universidade da Coruña ten a honra de recoñecer, entre tanto trebón, a fortaleza da voz do poeta.

Porque se algún trazo ten caracterizado a traxectoria de Seamus Heaney ese foi, ó noso entender, a súa teima por opoñe-lo alegato da beleza fronte á crueldade das armas, fronte ó desencontro, e á xen-

reira. A militancia das palabras, a preeminencia da poesía "artística" diante das tentacións propagandísticas aberta ou veladamente políticas. Poderíamos dicir, tomando prestado o título dun coñecido ensaio do autor, a trascendencia do "gobierno da lingua".

Cito textualmente o seu argumento: "Incluso cando a poesía é instrumento que serve para axustar e corrixir os desequilibrios do mundo, cando a poesía é un modo deliberado de intervir nos avatares da sociedade, incluso neses casos a poesía non trata só das condicións reais, senón das ficcións supremas".

Diante desa firmeza do escritor na defensa da poesía como "vehículo de harmonía" non cómpre máis có aplauso e a sintonía da Universidade, unha institución nacida hai séculos para transmitir o coñecemento, para a reflexión e para a investigación, pero tamén para afondar nas máis altas e máis nobres capacidades das que o ser humano está dotado.

Na súa Declaración Mundial sobre a Educación Superior, a UNESCO subliñou que, no novo milenio, a educación superior debe facer prevalecer os valores e ideais dunha cultura de paz e que "resulta fundamental que a comunidade internacional se mobilice con este fin". Sen dúbida, a educación é un dos alicerces fundamentais dos dereitos humanos, a democracia, o desenvolvemento sostible e a paz. Velaquí, pois, unha clara proximidade do que facer do escritor coa misión universitaria na sociedade dos nosos días.

Por engadidura, a obra creativa de Heaney acompaña-se dun continuo labor investigador, unha grande

capacidade para debullar na forza da lingua e na emoción do poema por si mesmo, fronte á obsesión polo pragmático ou polo máis epidérmico. Ese traballo desenvólvese a cabalo entre tres universidades de Irlanda, Reino Unido e os Estados Unidos, nun exemplo de "globalización" docente de xenuíno carácter universitario.

A dimensión internacional é hoxe "criterio clave" para a calidade da educación superior. E, no noso caso específico, a ninguén se lle escapa que a Universidade camiña cara a un espacio común europeo. Nesta liña, a Declaración de Boloña, asinada o ano pasado por 29 países do continente (por suposto, Irlanda, España e Reino Unido incluídos), recolle o pensamento amplamente compartido de que a Europa dos Coñecementos é un factor irremplazable de desenvolvemento social e humano, "indispensable para consolidar e enriquece-la cidadanía europea, para reforza-lo sentido dos valores compartidos e de pertenza a un espacio social e cultural común", no que cada país participa desde a súa propia identidade cavando, - "digging" na metáfora heaniana- na experiencia individual e colectiva que o singulariza.

A *laudatio* xa abundou na proximidade literaria entre a Galicia e a Irlanda deste século, que agora simbolizamos con este Doutoramento *ad honorem*. Non é cuestión de repetirse nin de solaparse, porque a vivencia da paisaxe que agroma en moitas propostas do poeta resúltanos moi familiar ós galegos.

Nós tamén estamos presos dese "sense of place" (sentido de pertenza) que asulaga ós escritores irlandeses. A proximidade da terra e mesmo a súa concepción maternal defínenos nunha versión propia do mito de Anteo. O sentimento –incluso a necesidade–

desa religación telúrica é tan sutil e subconsciente como elaboración intelectual reflexiva. Especialmente dramática nun pobo que tamén foi emigrante.

Estamos aquí, veciños mar por medio, e presumimos dunhas específicas e vivas tradicións e mitoloxía, participadas de elementos comúns e entrecruzadas máis do que pensamos, con ou sen celtas, como hoxe quedará musicalmente suliñado. Tan é así que o propio Breogán, o deus protagonista do Himno galego, que logo cantaremos, é de familia irlandesa.

Do mesmo xeito, entre nós pode tamén narrarse a historia dunha vontade de fundar ou refunda-la tradición nativa na común busca da autodefinición que require "ter un lugar do que vir". Dun paisano, vencellado naturalmente á terra, aprendín que "ninguén debe esquencer de onde vén". Tamén colectivamente.

Non quixera rematar este discurso de benvida ó noso Doutor sen lembra-la confesión da súa identidade minoritaria irlandesa no contexto da cultura inglesa dominante no Ulster: "Non hai nada excepcional no desafío de pertencer a dúas mentalidades" e "sería bon que a maioría en Irlanda do Norte fixese un esforzo por adquirir esta dobre mentalidade".

Palabras escritas e pronunciadas antes do Nobel que non se ofrecen como reflexión teórica, razoada; que traducen, como toda a súa expresión poética, un drama vivido e que constitúen un testemuño en favor da paz.

Creación poética singular, investigación crítica, maxisterio nas aulas, loita pola convivencia e o respecto entre culturas, proximidade temática e emocional coas nosas Letras. Son razóns para que esta Universidade galega se sinta orgullosa de incorporalo ó seu Claustro.

Once you stated that your rural upbringing impeded you from reading *Alice in Wonderland* until you were at university. I would like this University, the University of the European Finisterre, linking geography and thought, to become a country of dreams, without borders –nor calendars- in which you will always find the affection and gratitude of our university community.